



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
XUNTANZA ORDINARIA 23 DE AGOSTO DE 2012

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta anterior**
- 2.- Estado de execución de varias obras na parroquia**
- 3.- Estado do saneamento**
- 4.- Acondicionamento da contorna do palco de música do Alto do Viso**
- 5.- Estado do camiño do Monte da Nogueira**
- 6.- Actuacións sobre a autovía A-59**
- 7.- Adecentamento da fonte na Nogueiriña**
- 8.- Situación das análises das fontes**
- 9.- Limpeza de camiños e beiravías**
- 10.- Varios**

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día vinte e tres de agosto de dous mil doce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
- José Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- María José Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- Pilar Bouzas Novas, representante das asociacións veciñais
- Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Xosé Covelo Míguez, representante das asociacións culturais
- Víctor Manuel Romero Fernández, representante das asociacións deportivas
- Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas
- José Manuel Campelos Mariño, representante das comunidades de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, e asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.



CONCELLO DE REDONDELA

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- Aprobación da acta anterior

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial de data 08.03.2012 que queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes coa abstención de María José Acevedo Santoro por non ter asistido á xuntanza.

2.- Estado de execución de varias obras na parroquia

Jesús Crespo López informa ás/aos membros do Consello parroquial que se pintou o aparcamento do colexio de Cesantes para delimitar a zona dos autobuses e que así puideran maniobrar sen perigo para as/os nenas/os. Asemade a Policía Local acudiu en varias ocasións multando a algunha persoa. Coa directora do centro quedouse en ter unha reunión á volta das vacacións para tratar sobre os terreos da parte de abaixo. Aínda así é un tema que se debería abordar entre o colexio, o Concello e a ANPA, para tratar entre todos de adquirir ou alugar os terreos.

Sobre as beirarrúas da Teixeira informa que se está á espera da resposta da Deputación. Viñeron xa a ver a zona e se propúxose a instalación dunha rotonda, pero manifestaron que non dan os metros de distancia ata as vivendas, polo que habería que tratar o tema de que un veciño cedera uns metros.

Manuel Freire Collazo di que habería que sinalizar a zona, xa que tal é como está resulta perigosa.

Xosé Covelo Míguez propón que se volva a requerir á Deputación Provincial para que responda sobre as actuacións que definitivamente vai realizar na zona da Teixeira para evitar a perigosidade no cruce. A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

Jesús Crespo López informa que os encargados de Fomento xa viñeron a ver que puntos de iluminación se necesitan para a estrada que vai dende Cesantes a Arcade e estase á espera da resposta.

José Bernardo Crespo Abal di que se debería solicitar a Fomento que limpe a área de descanso porque está outra vez en mal estado.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente informa que en Lume Novo están xa os puntos de luz, pero en canto áo camiño da Carreiteira en Tuimil aínda non está previsto nos orzamentos. Tampouco a zona da Estrada da Nogueiriña está previsto para este ano, ao mellor se a final de ano hai remanente se poida poñer algún punto.

Xosé Covelo Míguez propón que se solicite á Concellería correspondente a realización dun cronograma das actuacións que se vaian a realizar na parroquia do Viso en canto ao alumeadado. A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

Jesús Crespo López informa que se falou cos de ADIF para que repuxeran as proteccións caídas, éstos comprometéronse a repoñelas cando acaben os traballos máis grandes.

Xosé Covelo Míguez propón que se solicite a ADIF a reposición das proteccións caídas con indicación dos puntos concretos. As/os membros presentes aproban a proposta por unanimidade.

O Presidente di que o Concelleiro de Vías e Obras lle informou que o valado do camiño de Tuimil está feito e pendente de colocación, que se fará moi pronto.

En canto aos desperfectos do AVE foron presentados os dosieres das distintas parroquias nos que se indican os desperfectos.

Manuel Freire Collazo di que nesta parroquia o único que queda pendente é o problema da poza na boca do túnel que están collendo auga dela con dúas manguerías, incluso falou este tema co Concelleiro de Medio Ambiente. Propón que se lle solicite á Concellería de Medio Ambiente para que requira aos do AVE a solucionar este problema. A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

Jesús Crespo López informa que as curvas na Estrada de Tuimil non se poden solucionar sen que un veciño ceda parte duns terreos, polo que estase á espera das negociacións con este veciño. Este ano o que está previsto asfaltar é o Camiño da Gándara.

En canto ao asfaltado do Camiño de Baldramón a Concellería de Vías e Obras vaino intentar meter nos orzamentos do ano que ven.



CONCELLO DE REDONDELA

Alberto Couñago Castellano propón que antes de asfaltar o Camiño de Baldramón se faga a instalación para o saneamento das vivendas da zona. Xa que se pode poñer un colector que saia ao Campo de Fútbol.

Xosé Covelo Míguez propón que para os orzamentos do ano que ven se inclúa o asfaltado do Camiño de Baldramón xunto coas obras de saneamento necesarias. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Jesús Crespo López informa que as obras da mellora da Peneda pasan por chegar a un acordo coa Comunidade de Montes, xa que o terreno é da súa propiedade, pois do Concello só é a estrada, da que se fai a limpeza.

Xosé Covelo Míguez di que se poderían establecer liñas de axuda, xa que se trata dun patrimonio a conservar para disfrute de todas/os, aínda que estea nunha propiedade privada.

O Presidente propón que se reúna o Concello coa Comunidade de Montes do Viso para tratar o tema e chegar a un acordo para a conservación do Monte da Peneda. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Xosé Covelo Míguez pregunta polo 1% cultural e manifesta a súa preocupación por se se pasa o prazo para solicitalo. O Presidente respóstalle que só se pode investir en Bens de Interés Cultural (BIC) e non todo o patrimonio reúne este requisito.

Pilar Bouzas Novas di que debería quedar na parroquia do Viso, xa que foi a parroquia máis perxudicada polas obras.

Xosé Covelo Míguez propón que o Concello debe comprometerse a ter en conta os danos provocados polo AVE na parroquia do Viso e manter unha proporcionalidade no momento de proceder ao reparto dese 1% cultural, tendo prioridade a parroquia do Viso. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Jesús Crespo López informa que se pediron varios orzamentos para a colocación de paneis informativos. O Concelleiro de Vías e Obras ten previsto facer uns talleres nos que se elaboren eses paneis.



CONCELLO DE REDONDELA

Xosé Covelo Míguez propón que se reitere a necesidade da colocación dos paneis informativos na parroquia do Viso. O Presidente informa que o Concelleiro de Vías e Obras ten previsto facer uns obradoiros nos que se hai posibilidade elaborariáanse eses paneis. A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

Anxo Lusquiños López propón que se coloquen espellos no cruce do Loureiro no Camiño Xacobeo. María José Acevedo Santoro propón que se coloquen espellos no Barrio do Escredo. As propostas son aprobadas pola unanimidade das/os membros presentes.

Jesús Crespo López informa que o parque do Loureiro xa está arranxado tal e como se acordara no Consello anterior e que se está procedendo ao mantemento dos outros parques, pero que a Concellería de Parques conta con poucos recursos e hai 75 parques no Concello de Redondela polo que se está facendo o que se pode cos recursos existentes.

María José Acevedo Santoro e Manuel Freire Collazo informan que hai elementos perigosos nos parques infantís tal e como se ve na reportaxe fotográfica que se achegou ao Concello e incluso elementos cortantes, polo que urxe a súa reparación.

Xosé Covelo Míguez di que se invisten moitos cartos nos parques infantís do centro de Redondela e nos das parroquias non se fai nin o mantemento mínimo, polo que propón que se realice urxentemente o mantemento dos parques infantís. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Xosé Covelo Míguez manifesta que falta información porque se informou que a Concellería de Parques tiña un orzamento de 20.000 euros e apareceron outros tantos para a reposición de elementos no parque do centro de Redondela.

Jesús Crespo López informa que a Concellería de Interior enviou un escrito sobre o problema do tráfico pesado na estrada provincial que atravesa a parroquia e estase á espera da súa resposta.

Manuel Freire Collazo manifesta que en Vigo o Alcalde prohibiu o paso destes vehículos por determinadas zonas e non houbo problema, aquí parece que a única solución é que os veciños corten o paso na estrada.



CONCELLO DE REDONDELA

Xosé Covelo Míguez propón que se solicite á Deputación Provincial que prohiba o paso dos vehículos pesados pola estrada provincial e que a Policía Local controle a velocidade destes vehículos. A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

Jesús Crespo López informa que se pediron varios orzamentos para o valado dos campo de futbito da Gándara. Despois da festa da Teixeira vaise pintar. A instalación de postes con redes vaise facer en varias pistas para así poder pedir un orzamento máis barato e que a pista da Gándara está entre eles.

Anxo Lusquiños López di que resulta insultante que no campo de Redondela se invista 1.000.000 de euros e os campos das parroquias estean tan abandonados. O Presidente resposta informando que algunhas pistas das parroquias apenas se usan e que no Campo de Santa Mariña é usado por 400 nenos diarios.

Alberto Couñago Castellano di que hai moitas pistas deportivas que non se usan porque é imposible, xa que se estás xogando e non hai protección polo que ao caer o balón a unha silveira non o poder recuperar e que se usarían máis se estiveran acondicionadas.

3.- Estado do saneamento

Jesús Crespo López informa que o Concelleiro de Medio Ambiente comunicou que o saneamento na Nogueiriña non é fácil, xa que depende da cesión dun veciño que non está disposto a deixar pasar o saneamento pola súa propiedade.

Alberto Couñago Castellano di que se retome o falado sobre o Camiño de Baldramón que se proceda a realizar as obras de saneamento antes de realizar o asfaltado.

Pilar Bouzas Novas pregunta sobre a situación do saneamento en Soutoxuste.

Xosé Covelo Míguez propón que a Concellería de Medio Ambiente realice un cronograma no que se indique cando se vai a arranxar o saneamento da parroquia do Viso indicando os seguintes puntos: Casal do Viso, Val do Muíño-Nogueiriña, Camiño de Baldramón e Barrio de Soutoxuste. A proposta é aprobada poal unanimidade das/os membros presentes.

4.- Acondicionamento da contorna do palco de música do Alto do Viso



CONCELLO DE REDONDELA

Jesús Crespo López informa que non estaba nos orzamentos a restauración e acondicionamento do Palco da Música do Alto do Viso. Xosé Covelo Míguez propón que se solicite a inclusión deste punto nos orzamentos do Concello para o ano que ven. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

5.- Estado do camiño do Monte da Nogueira

Jesús Crespo López informa que se vai intentar incluír nos orzamentos do ano que ven a canalización no camiño Monte da Nogueira. Xosé Covelo Míguez propón que se inclúa este punto nos orzamentos do ano que ven. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

6.- Actuacións sobre a autovía A-59

O Presidente informa que a situación sobre a autopista A-59 é a mesma que se tiña no anterior Consello Parroquial. Ao Concello aínda non chegou ningunha comunicación oficial do ministerio e a única información é a do comunicado da ministra Ana Pastor que aínda que tivo un erro coa denominación da autovía, sí explicou o trazado da que se ía facer, e non atravesaba a parroquia do Viso. Cando chega a comunicación ao Concello traerase ao Consello Parroquial. Xosé Covelo Míguez propón que se solicite ao Ministerio a comunicación oficial do trazado. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

7.- Adecentamento da fonte na Nogueiriña e 8.- Situación das análises das fontes

Jesús Crespo López informa que nestes días se fixo o contrato coa empresa que vai levar as análises das augas das fontes do Concello. Que estas análises faranse cada seis meses e os resultados traeranse ao Consello Parroquial.

Xosé Covelo Míguez propón que os resultados se expoñan publicamente na Casa Cultural. A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

9.- Limpeza de camiños e beiravías

O Presidente informa que se contrataron empresas para facer a limpeza das cunetas e estase a realizar.

Manuel Freire Collazo informa que hai zonas nas que estas empresas desbrozan pero non recollen e atúen os regos, así cando chove a auga vai pola estrada. Propón que se realice unha vixilancia por parte do Concello para que a



CONCELLO DE REDONDELA

limpeza das cunetas se faga de xeito adeucado. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Manuel Freire Collazo propón que se realice a obra no Camiño da Ganga de ampliación de dous metros no Camiño da Ganga, xa que só consistiría en tirar un pequeno muro de ladrillo e unir ás filas de bloques que xa existen. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

10.- Varios

Anxo Lusquiños López manifesta o seu malestar polos cambios que se produciron na Ludoteca de verán, xa que antes se celebraba durante os meses de xullo e agosto cun horario flexible. Agora as/aos nenas/os teñen que estar ás 9.30 e só no mes de xullo. Que se deberían consensuar as normas da ludoteca coas/cos nais/pais, xa que esta levaba funcionando moi ben durante varios anos, e que se algo funciona ben non entende porque se ten que cambiar.

Xosé Covelo Míguez di que se suprimiron as ludotecas de inverno e do Nadal, polo que propón que se recuperen as ludotecas de inverno e do Nadal e se amplíe a ludoteca do verán aos meses de xullo e agosto na parroquia do Viso, ademais de que se consensúen os cambios coas familias. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Xosé Covelo Míguez propón que dos temas que se traten no Consello Parroquial se traian copias dos documentos que tramiten no Concello para ver o estado da súa tramitación. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e tres horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.